

Exame tipo

1. Composición histórica: A descolonización (6 puntos)

A partir dos seguintes documentos debes realizar unha composición sobre o proceso de descolonización, logo da 2ª Guerra Mundial. Non se trata de que resumas ou repitas os documentos, nin que os analices illadamente cada un deles, senón que elabores un comentario persoal téndoos en conta (citando algunha idea ou aclaración de cada un deles)/deles) e completes esa información con outros datos que coñezas e teñan relación con este tema.

1.1. Texto de M. Ghandi (1921)

«A pesar meu, cheguei á conclusión de que a nosa asociación con Gran Bretaña convertera á India en máis impotente que nunca política e economicamente. [...] O país chegou a tal extremo que apenas pode resistir o fame. Antes da vinda dos ingleses, a India tecía e fiaba o suficiente para que os seus millóns deparados puidesen engadir aos débiles recursos da agricultura un mínimo vital. Esta industria caseira, tan importante para a existencia da India, foi arruinada por procedementos inhumanos e crueis?»

1.2. Comunicado final da Conferencia de Bandung (1955).

«A Conferencia [...] acordou o seguinte: 1) Declarar que o colonialismo, en todas as súas manifestacións, é un mal ao que hai que pór fin rapidamente. 2) Afirmar que a suxeición dos pobos ao xugo estranxeiro, a dominación e a explotación, constitúen a negación dos dereitos fundamentais do home. 3) Declarar o seu apoio á causa da liberdade e a independencia de todos os pobos dependentes».

1.3. Patricio Lumumba declara a independencia do Congo (1960)

«Aínda que a independencia do Congo celébrase hoxe co acordo de Bélxica, unha nación amiga coa que estamos en pé de igualdade, ningún congolés digno dese nome poderá esquecer xamais que foi coa loita como gañamos a independencia, [...]. Desta loita de bágoas, lume e sangue estamos orgullosos ata as raíces máis profundas do noso ser, porque foi unha loita nobre e xusta, absolutamente necesaria para acabar coa infamante escravitude que nos foi imposta pola forza. Este foi o noso destino durante oitenta anos de goberno colonial; as nosas feridas están aínda demasiado frescas e son aínda moi dolorosas para permitirnos borrarlas da memoria».

2. Preguntas (responder unicamente a 2 preguntas: cualificación máxima 2 puntos cada unha)

2.1. Indica brevemente algunhas diferenzas fundamentais entre o Antigo Réxime e os Estados Liberais

2.2. O Imperio Británico: explica brevemente as súas orixes, as razóns da súa expansión e principais posesións

2.3 En que consistía a economía planificada dos Estados socialistas?

2.4. A Unión Europea: principais institucións e Estados que a integran